



ADMINISTRACIÓN LOCAL

PROVINCIAL

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

Intervención Xeral e Xestión Económica-Financeira. Serv. de Orzamentos, Est. e Asist. Econ. Sección 1

Aprobación da aceptación do acordo de encomenda de xestión do Concello de Cee (Plan PREMADECOR)

ANUNCIO

O Pleno da Corporación da Deputación Provincial da Coruña, na sesión plenaria celebrada o día 30 de setembro de 2022, adoptou o seguinte acordo:

“1. Aceptar o acordo da encomenda de xestión do Concello de Cee, adoptado na sesión plenaria do 29 de xullo de 2022, respecto do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación Provincial da Coruña, PLAN PREMADECOR, no tocante ás tarefas técnicas de análise de riscos previstas no PLAN PREMADECOR.

2. Publicar no Boletín Oficial da Provincia o acordo de aceptación da encomenda de xestión para xeral coñecemento e no seu caso, para que as persoas interesadas poidan presentar recurso potestativo de reposición ou ben directamente recurso contencioso-administrativo ante os xulgados do contencioso-administrativo da Coruña.

A encomenda de xestión entrará en vigor unha vez sexa publicado este acordo no Boletín Oficial da Provincia e formalizado en convenio de conformidade co disposto no artigo 11 da LRXSP, e o seu exercicio levárase a cabo nos termos establecidos no citado plan aprobado ao efecto por esta Deputación Provincial.”

O que se fai público para xeral coñecemento.

A Coruña, 3 de outubro de 2022.

O presidente,
Valentín González Formoso

O secretario accidental,
Miguel Iglesias Martínez

2022/6160